

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**2625** *Real decreto 230/2017, do 10 de marzo, polo que se regulan as competencias e funcións de apoio á atención sanitaria do persoal militar non regulado pola Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, no ámbito estritamente militar.*

Unha porcentaxe significativa das mortes producidas nas operacións militares é potencialmente evitable canto máis inmediata sexa a atención sanitaria, como demostrou a evidencia científica. Ademais, nos escenarios onde se desenvolven actualmente estas operacións preséntanse habitualmente situacións de illamento, con baixas múltiples e dispersas sobre o terreo, frecuentemente en ambiente hostil, que non poden ser atendidas de inmediato por persoal médico ou enfermeiro (en diante, persoal facultativo).

Cómpre, polo tanto, contar con outro persoal militar, capacitado coa formación e instrución específicas para actuar nestas situacións, dotado das competencias que legalmente se lle autoricen, para proporcionar atención a feridos graves *in situ* ata que poidan ser asistidos polos equipos sanitarios con capacidade de realizar soporte vital avanzado, como as células de estabilización, en cuxa configuración non incide este proxecto de real decreto. Isto favorece a súa supervivencia e posterior evacuación ás formacións sanitarias de tratamento.

Nas alianzas das cales España forma parte, o apoio sanitario nas Forzas Armadas concentra o persoal facultativo en formacións sanitarias de tratamento. Neste modelo, as medidas de atención sanitaria que nos primeiros momentos, tras sufrir a lesión, resultan decisivas para a supervivencia do ferido, son aplicadas por persoal militar non facultativo adecuadamente instruído e equipado, de acordo con protocolos establecidos polas organizacións internacionais a que España pertence e ratificados en acordos de normalización.

Este modelo de apoio sanitario require dispor de persoal militar formado e capacitado para actuar, coa finalidade de asegurar unha resposta inmediata en situacións excepcionais en ausencia de médicos ou enfermeiros, realizando as manobras pertinentes que estabilicen e permitan a atención posterior por parte dos facultativos, cuxa función non substitúen, ou a evacuación ás formacións sanitarias de tratamento correspondentes.

A disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, onde se facultan o Goberno e o ministro de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do recollido na dita lei orgánica, constitúe o fundamento legal do proxecto de real decreto.

Queda así patente a necesidade de desenvolver e aplicar lexislación específica ao apoio sanitario en contornos operativos, en virtude das situacións extraordinarias e das especiais condicións que se dan no marco das operacións militares, normalmente desenvolvidas fóra do territorio nacional.

Por non se tratar de profesionais recollidos na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, considéranse comprendidos no ámbito de aplicación do real decreto os militares pertencentes á escala de tropa do corpo xeral do Exército de Terra coa especialidade fundamental «Apoio sanitario», de acordo co indicado no artigo 7 e no anexo I do Real decreto 711/2010, do 28 de maio, polo que se aproba o Regulamento das especialidades fundamentais das Forzas Armadas.

Durante a súa tramitación, o proxecto deste real decreto recibiu informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións

profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometido a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Así mesmo, no seu proceso de elaboración emitiron informe favorable os ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2017,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular o apoio á atención sanitaria prestado por parte do persoal militar non facultativo en escenarios operativos, para satisfacer as necesidades específicas das Forzas Armadas en situacións de illamento ou ambiente hostil, e en ausencia de persoal facultativo que poida prestar asistencia inmediata.

##### Artigo 2. *Atención sanitaria en escenarios operativos.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por atención sanitaria en escenarios operativos aquelas actuacións encamiñadas a atender as lesións que producen un maior número de mortes en combate, como son as hemorrxias masivas, o pneumotórax, a tensión e a obstrución da vía aérea. Así mesmo, teranse en conta aquelas actuacións que resulten indicadas en situacións de illamento, en especial en ambiente hostil ou de baixas masivas.

##### Artigo 3. *Operacións militares.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por operacións militares as que define o artigo 16 da Lei orgánica 5/2005, do 27 de novembro, da defensa nacional.

##### Artigo 4. *Alcance e ámbito.*

Este real decreto será de aplicación unicamente nas Forzas Armadas durante o desenvolvemento das operacións militares e a súa preparación, en situacións de illamento ou ambiente hostil, e en ausencia de persoal facultativo ou en funcións de apoio a este, no contexto do expresado no artigo 2.

##### Artigo 5. *Formación do persoal militar non facultativo en apoio sanitario.*

O persoal que proporcione o apoio á atención sanitaria definida no artigo 2 será capacitado mediante os correspondentes cursos de especialización ou informativos do ensino de perfeccionamento, así como mediante as actividades necesarias de instrución e adestramento, para acadar e manter as competencias requiridas, conforme o establecido no Real decreto 339/2015, do 30 de abril, polo que se ordenan as ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, e nas disposicións que o desenvolvan.

A formación será acorde co ratificado por España nas organizacións internacionais de seguridade e defensa. O seu aproveitamento determinará a obtención dos niveis de capacitación definidos no artigo 8 e, para os manter, deberanse prever mecanismos de formación continuada.

O ensino desenvolverase en centros docentes militares e unidades autorizadas, así como mediante o emprego dos apoios externos que se requiran.

Artigo 6. *Certificación da capacitación.*

O director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, por proposta do inspector xeral de Sanidade, certificará a capacitación do persoal militar non facultativo en funcións de apoio á atención sanitaria, así como a súa oportuna renovación.

Artigo 7. *Execución das funcións.*

A formación seguida capacitará para o desempeño das funcións e o uso correcto dos medicamentos e produtos sanitarios de dotación, segundo os niveis que se establecen no artigo seguinte, de acordo coas competencias especificadas no anexo. O dito nivel de capacitación, acreditado polo correspondente certificado, habilitará o militar para actuar unicamente en escenarios operativos, en ausencia de persoal facultativo ou en apoio del, e de acordo co ratificado por España nas organizacións internacionais de seguridade e defensa.

Artigo 8. *Niveis de capacitación (NC).*

Os niveis que se establecen para o persoal militar non facultativo son os seguintes:

a) (NC1) Básico: todo militar que participa en operacións. Estará capacitado para realizar procedementos de atención inmediata coa utilización dos recursos sanitarios que compoñen a caixa de urxencias individual do combatente e cos protocolos de atención establecidos.

b) (NC2) Medio: será persoal pertencente ás propias unidades, capaz de prestar as técnicas de soporte vital cos protocolos e materiais específicos que se determinen. O persoal que posúa este nivel será denominado persoal de apoio á atención sanitaria en operacións.

c) (NC3) Avanzado: persoal específico formado para actuar no marco daquelas unidades/buques que, polas súas características exclusivas, actúan en situacións de particular illamento ou en apoio directo ao persoal facultativo en elementos de asistencia sanitaria de operacións. O persoal que posúa este nivel será denominado persoal de apoio avanzado á atención sanitaria en operacións.

Artigo 9. *Competencias.*

As competencias dos niveis que se establecen no artigo anterior son as expresadas para cada un deles no anexo, que será actualizado polo ministro de Defensa logo de informe do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en función do avance científico e dos compromisos internacionais.

Disposición adicional única. *Dependencia funcional no exercicio das funcións de apoio á atención sanitaria.*

O persoal militar non facultativo terá dependencia funcional dos oficiais do corpo militar de Sanidade das especialidades fundamentais de Medicina e Enfermaría, no exercicio das funcións de apoio á atención sanitaria.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,  
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA

## ANEXO

Competencias	NC1 Básico	NC2 Medio	NC3 Avanzado
Aspectos xerais do apoio sanitario táctico.	X	X	X
Emprego do torniquete.	X	X	X
Aplicación de presión directa.	X	X	X
Aplicación de vendaxe.	X	X	X
Aplicación de vendaxe hemostática.	X	X	X
Aplicación de vendaxe compresiva.	X	X	X
Aplicación de pinzas e outros de compresión hemostática.			X
Técnicas de mobilización de baixas.	X	X	X
Manobras fronte-queixelo e elevación mandibular de apertura da vía aérea.	X	X	X
Cánula nasofarínxea.	X	X	X
Posición de seguridade.	X	X	X
Posicións de mantemento da permeabilidade da vía aérea.	X	X	X
Máscara larínxea.			X
Tubo larínxeo.			X
Punción cricotiroidea.			X
Aplicación do parche torácico en tórax aberto.	X	X	X
Punción torácica con agulla.		X	X
Administración de oxíxeno.		X	X
Valoración do estado de <i>shock</i> .	X	X	X
Canalizar vía venosa periférica para administración de fluídos.			X
Vía intraósea.		X	X
Fluidoterapia.		X	X
Prevenición da hipotermia.	X	X	X
Parche ríxido para cobertura ocular.	X	X	X
Analxesia oral de dotación.	X	X	X
Antibióticos orais de dotación.	X	X	X
Aplicador oral de fentanilo.		X	X
Cloruro mórfico subcutáneo.			X
Inmovilización con férula.	X	X	X
Inmovilización con férula de tracción.			X
Illar da fonte de queimadura.	X	X	X
Cubrir as áreas queimadas.	X	X	X
Monitorización de signos vitais.		X	X
Desfibrilador externo automático.		X	X